

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 23/12/2021 8:59:18

SAIDA 19810/21

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 172/2021
Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 18 de outubro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de decembro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 18 de outubro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do Sr. Secretario Xeral Técnico da Consellería de Sanidade do 30 de setembro de 2021, pola que se lle concede o acceso á informe sobre os tipos existentes de prolongacións de xornada médica nos centros de saúde da EXOXI Coruña, así como as condicións establecidas e o abono da prestación para cada unha das mesmas.

A reclamante, en resumo indica que solicitou información sobre como se están a organizar as prolongacións de xornada dos médicos de atención Primaria da área Coruña- Cee e o pagamento das mesmas. Indica que solicitou esa información en numerosas ocasións á xerencia e a única resposta á mesma que obtivo foi parcial, polo que solicita que se lle conteste a que se entende por quenda, o horario de comezo e finalización da quenda de prolongación, como se estrutura a axenda da devandita prolongación, se se trata de axendas pechadas de 3 horas sen urxencias nin domicilios programados ou urxentes, si en caso de ser axendas

pechadas que non atendan urxencias nin domicilios, a quen corresponde a atención dos pacientes que acoden ao centro.

Así mesmo a reclamante solicita se lle remita unha explicación de porqué a xornada de prolongación do persoal do Punto de Atención Continuado (PAC) de 3 horas se paga coma se fose unha de 7 , en canto para cubrir horas nos Puntos de atención continuada , págase por xornada completa , e a xustificación de que ese persoal prolongador só atenda demanda programada, e os pacientes teñamos que ser derivados a outro dispositivo para ser atendido.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, do seu DNI.

Segundo. Con data do 22 de outubro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 27 de outubro de 2021.

Terceiro. Con data do 17 de novembro de 2021 a Consellería de Sanidade contesta a petición, remitindo informe e copia do expediente solicitado.

No informe, faise constar que a interesada solicitou con data do 25 de agosto de 2021 información sobre os tipos existentes de prolongacións de xornada médica nos centros de saúde da EXOXI Coruña, así como as condicións establecidas e o abono da prestación para cada unha das mesmas, información sobre a que se ditou resolución con data do 30 de setembro de 2021.

Con data do 2 de outubro de 2021, presenta nova solicitude de acceso á información sobre a organización e o desenvolvemento das prolongacións de xornadas médicas realizadas nos centros de saúde da Área Coruña-Cee na que solicita que se lle dea unha definición de quenda de prolongacións, hora de comezo e hora de finalización das mesmas, distribución da axenda das mesmas (número de doentes en axenda, tipo de consulta: cantos doentes para receitas, telefónicas, presenciais, domicilios, tarefas administrativas), se as axendas son pechadas ou polo contrario conlevan a atención de demanda urxente e domiciliaria (sexo esta última programada ou urxente), e en caso de ser axendas pechadas, a quen lle corresponde a atención da demanda urxente e domiciliaria.

A Secretaría Xeral Técnica resolveu con data do 15 de novembro de 2021, conceder o acceso á información a que se refire a solicitude anexando informe da Subdirección de Calidade Asistencial da Área Sanitaria de A Coruña e Cee, coa que se xunta a Orde de 4 de xuño de 20087 pola que se publican determinados acordos de ordenación e provisión de posto de traballo e condicións de traballo e retributivas no ámbito da atención primaria do Servizo

Galego de Saúde e a Acta da Comisión de Centro de Atención Primaria do 24 de setembro de 2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

A Consellería de Sanidade resolveu con data do 30 de setembro, á solicitude presentada pola interesada con data do 25 de agosto de 2021, polo que debe admitirse a reclamación presentada con data do 18 de outubro de 2021 pola interesada.

Respecto da solicitude de información presentada pola interesada con data do 2 de outubro de 2021, que foi resolta pola Consellería con data do 15 de novembro de 2021, debe

inadmitirse a reclamación presentada con data do 18 de outubro, ao non ter transcorrido nesa data, o prazo que o artigo 27.4 da Lei 1/2016 establece para a súa resolución.

Quinto.- Análise do expediente

A interesada solicitou á Consellería de Sanidade, información sobre os tipos existentes de prolongacións de xornada médica nos centros de saúde da EXOXI Coruña, así como as condicións establecidas e o abono da prestación para cada unha das mesmas, información que lle foi facilitada mediante Resolución da Secretaría Xeral Técnica de 30 de setembro de 2021 mediante a remisión de informe do 15 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Recursos Humanos no que se lle informa que en Sesión da Mesa Sectorial do 21 de xuño de 2007 acadáronse acordos sobre compromisos para a aplicación das medidas de persoal contidas no plan de mellora en atención primaria 2007-2011, entre os que figura a prolongación de xornada para atender a axenda con ausentes, sendo a prestación voluntaria e consonte a organización indicada pola xerencia, aboándose mediante o complemento de produtividade variable do que se indica a súa contía. Indícase así mesmo, que as prolongacións de xornada se realizan nos centros de saúde tanto por profesionais dos mesmos como por profesionais dos Puntos de Atención. Considérase que a información proporcionada é a solicitada pola interesada.

Con data do 2 de outubro de 2021, presenta novo escrito no que solicita aclaracións sobre a resposta dada pola Consellería, referidas á organización e desenvolvemento das prolongacións de xornadas, axendas e atención a doentes, que debe considerarse como unha nova solicitude de acceso á información. Esta solicitude de aclaracións, ten o mesmo contido que a reclamación presentada ante esta Comisión, e sobre a mesma, con independencia da valoración que se poida facer sobre si se esta a solicitar unha información pública (documentos ou contidos existentes na Consellería, elaborados ou obtidos no exercicio das súas funcións) ou se está a solicitar a elaboración dun informe *ad hoc* (que de ser así determinaría a súa inadmisión,), o certo é que a reclamación presentouse o 18 de outubro de 2021, cando aínda non rematara o prazo para que a Consellería resolvese sobre o mesmo.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

No presente caso, tal e como consta no selo do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, a interesada presentou a súa nova solicitude de acceso á información o 2 de outubro de 2021, e a reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia o 18 do mesmo mes.

De acordo co anterior, non transcorreu o prazo dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, desde a presentación da solicitude ata a interposición da reclamación, procedendo en consecuencia, a inadmisión da reclamación presentada por tratarse dun acto non susceptible de recurso, de conformidade co disposto no artigo 116.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir por extemporánea, a reclamación presentada por [REDACTED] contra a falla de contestación á súa solicitude de acceso á información presentada á Consellería de Sanidade con data do 2 de outubro de 2021.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:

S6500009C)

Fecha: 2021.12.23 08:29:08 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.